

Responsabilidades

A organización declina toda responsabilidade en caso de accidente ou negligencia. Os participantes exoneran á organización de toda responsabilidade no caso de accidente ou lesión.

Premias

Tódolos participantes terán dereito a un agasallo conmemorativo. Habará sorteos entre tódolos participantes.

Dorsais

Recollida de dorsais de 8:00 a 8:45 horas, solo para as inscricións online e deberán presentar mail de confirmación de inscrición.



Contacto



988 483 001



concello.cortegada@eidolocal.es



www.cortegada.es

Anótate

Prazo de inscrición dende o **1 ao 22 de outubro**, ata un máximo de 350 participantes.

O prezo da **inscrición 10 euros** e dará dereito a un agasallo conmemorativo, avituallamento, comida e bebida.



25
Outubro

XVIII Roteiro por
Terras de
Cortegada

Senderismo



Historia



Balneario de 1937

A tradición termal deste municipio é unha das máis antigas de Galicia; as súas augas medicinais están documentadas desde o século XV.

Centro histórico

O centro histórico de Cortegada, ben merece unha visita. Pasdo señorial con fermosas casas, que acolleron durante anos aos bañistas.



Natureza

Percorre os carreiros naturais e perdete entre a vexetación autóctona. Podes observar aves nesta contorna única e gozar da biodiversidade. Tamén poderás ver os frondosos bosques de loureiro.


Un percorrido para todos

Vaise realizar sobre dous tramos circulares de 22,380 e 13,850 quilómetros. **TRAMO A** Balneario - A Barca - Vao - A Eirexa - Seixomil - Refoxos - Muradelle - Pontetrado - Vilanova da Barca e Cortegada. Distancia: 22,380 qms. **TRAMO B** Balneario - A Barca - Vao - A Eirexa - Seixomil e Cortegada. Distancia: 13,850 qms.

Todo o percorrido estará sinalizado, sendo obrigatorio o paso polos controis establecidos pola organización. O participante que se retire deberá avisar no control máis próximo. O perfil da proba pode considerarse de dificultade Media. 3 Avituallamentos líquidos e sólidos.



Lugares...



San Bieito

Templo barroco de planta de cruz latina do século XVII. Estaba emprazado nos terreos pertencentes ao Mosteiro de Celanova, a zona chamábase "Coto da Vestiaria".



Ponte Trado

Ponte do XVIII que seguramente aproveitou unha construción anterior de orixe romana. Por esta Ponte pasa itinerario do Camiño Xacobeo Miñoto Ribeiro



A Barca

Aldea de gran varlor etnográfico, foi no seu día un gran centro de comunicacións, por onde transcorría o "camiño real a Castela", lugar onde cruzaban o Miño as barcas para transporte de persoas e mercancias